

Aniversario dos lumes nas Neves

Páxina IX

O BNG pedirá no Parlamento que a Xunta non autorice o parque eólico na Serra do Galiñeiro

Páxina XII

O BTT do Viño Rias Baixas pasará por Tomiño e O Rosal

Páxina XIII

Feira do Emprego e Formación «Tecnoimaxín» na Guarda

Páxina XVI

Cerveira-Tomiño constituen formalmente a Eurocidade

Páxina XVIII



Salvaterra e os Bombeiros de Monção asinan un protocolo de colaboración

Páxina II



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra de Miño e os Bombeiros de Monção asinan un protocolo de colaboración

O pasado 28 de setembro reuníronse en Salvaterra o Presidente da Cámara de Monção, o Presidente da Asociación Humanitaria dos Bombeiros Voluntarios de Monção e o Alcalde de Salvaterra de Miño, co fin de firmar un acordó de intencións que busca formalizar e dar un contexto de seguridade xurídica á axuda mutua que se estaba dando entre os Bombeiros de Monção e o Concello de Salvaterra e que buscará dar un paso máis no longo destes meses vertebrando un marco onde este convenio se poida trasladar ao propio centro do

112 a hora de activar o protocolo de emerxencias.

Neste acordo recoñécese a axuda prestada, que agora a través da Eurocidade ten que ter un papel máis activo na regulación da asistencia mutua a desenvolver en situación de emerxencias e definir as directrices para outras formas de cooperación, comprometéndose a actuar de maneira articulada en incendios urbanos e industriais e operación de busca e salvamento, adoptando políticas que posibiliten, faciliten e soporten a actuación dos Bombeiros Voluntarios de Monção en Salvaterra.



Conferencia sobre a mobilidade transfronteiriza

O pasado 26 de setembro, abrindo a Semana da Eurocidade da man de Teresa Ventín – Coordinadora do Eures Transfronteirizo, para tratar, falar e dar información sobre un tema de interese para nós como é a mobilidade transfronteiriza. A esta charla acudiron un amplo abanico de persoas, dende veciños e veciñas interesados pola informa-

ción, persoas traballadoras, empresarios, avogados, asesores, xestores, xuristas...

O primeiro que temos que discernir é quen é ou que significa ser traballador transfronteirizo. A primeira e máis simple definición é aquel que vive nun país e traballa en outro, pero ademais temos que ter en conta varias cuestións e definicións a hora da lexis-

lación laboral aplicable, a cobertura da Seguridade Social e a fiscalidade.

Para a Seguridade Social un traballador transfronteirizo é aquela persoa que vive nun país e traballa en outro, desprazándose todos os días ou 1 día a semana polo menos, por mor de motivos laborais.

A nivel fiscalidade: o acordo existente entre España e Portugal dí que un traballador transfronteirizo dende o punto de vista fiscal é o que vive nun país, traballa en outro e se move normalmente todos os días para

traballar, o resto considérase traballador non residente.

A través desas definicións a poñente deu respostas a problemas cotiáns para este tipo de persoas traballadoras, como pode ser a qué lexislación laboral están suxeitos, en qué país teño dereito a asistencia sanitaria, cando se acaba a relación laboral onde teño que requirir a prestación por desemprego, onde se descontan os impostos, unha vez alcanzada a idade de xubilación en qué país debo solicitala e unha pregunta moi habitual tamén,

qué necesito para entrar co meu vehículo todos os días noutro país para ir traballar.

Durante máis de dúas horas Teresa Ventín deu resposta a estas preguntas e moitas máis que se deron durante esta conferencia entre os asistentes.



O remendón CERRAJERO **24 HORAS**

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL **Duplicado**

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreias, Peixes do Río, Chocula a Fría, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arxentina, 11- Silleda de Caselas
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

SALVATERRA DE MIÑO

Xornadas de promoción da igualdade nos centros educativos

O Concello de Salvaterra, en colaboración cos centros de primaria e o IES, ven de organizar unhas xornadas de promoción da igualdade entre os máis cativos, co fin de crear e facer conciencia sobre a igualdade no seu día a día.

Estas xornadas foron impartidas por persoal especializado na materia, e enfocadas á aplicación da perspectiva de xénero entre o alumnado do municipio. Charlas de sensibilización e prevención creativa contra a violencia de xénero e as redes sociais. Actividade articulada como un proceso grupal, no que se partiron de conceptos clave relativos á igualdade de xénero para ir entrando pouco a pouco en contidos máis complexos.

Nos centros de primaria traballouse co alumnado de 5 e 6 a perspectiva de xénero aplicada aos comportamentos cotiás e as redes sociais, co fin de ser capaces de detectalas e cambiar a súa conducta. Nesa mesma liña foi tamén a charla impartida aos alumnos e alumnas de 4 da ESO do IES.

Según as palabras de Marta Valcarcel, 1ª Tte de Alcalde, dende o Concello

buscou que o alumnado asumira o papel protagonista participando dos procesos de reflexión colectiva e na obtención das conclusións en cada dinámica co fin de crear conciencia e cambiar hábitos e conductas.



Samaín en Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra de Miño presenta a súa programación para o Samaín 2018. Como todos os anos as actividades están enfocadas por un lado para aos máis cativos e por outro para ao público máis adulto e menos medroso, co Roteiro Nocturno de Samaín.

O Venres 26 de outubro os nenos e nenas poderán desfrutar dunha tarde terrorífica na praza do Concello a partires das 17.00h, decoración, xogos e contos terroríficos.

O mércores 31 será o turno dos maiores co Roteiro Nocturno de Samaín. O prazo para anotarse vai do 15 ao 26 de outubro, período que se poderá acortar se se cubren as praza. As inscricións faranse no Concello ou no teléfono 986 658 082. Os horarios de saída serán dados no momento da inscrición, sendo confirmados uns días antes a través da páxina do Concello

Cada participante do grupo fará unha aportación dun produto de hixiene para o banco de alimentos municipal no propio día.

Data máxima para inscribirse ata o 26 de outubro, sempre que non

se cubran as prazas antes. A idade mínima recomendada son 7 anos e os menores de idade teñen que presentar autorización e os grupos con menores de 16 anos teñen que levar un adulto a cargo do grupo.

Mínimo para participar grupos de 12 persoas, se son menos a organización resérvase o dereito de agrupalos como mellor conveña.

Saída a partir das 20.00h, os grupos sairán cada 10m. (aproximadamente). Os horarios de saída serán dados no momento da inscrición, sendo confirmada (xa que por motivos organizativos poden variar) uns días antes a través da páxina do concello www.concellodesalvaterra.com. Estarase no recinto de saída 30 minutos antes da hora establecida para cada grupo.

Recoméndase ir disfrazados. Cada grupo pode levar como máximo dúas lanternas e dous chalecos reflectantes (que levará a persoa que abre e pecha o grupo) e recomendase levar calzado adecuado.

As inscricións faranse a partir do 15 de outubro no Concello ou chamando por teléfono ao 986 658 082.



EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez. Director



Daquí, dalí e dacolá

E seguen tendo a tixola polo mango

Estamos vivindo momentos curiosos na historia deste País. Digo curiosos por quitarlle ferro, porque realmente son momentos complicados e de difícil solución.

Rajoy tivo que abandonar a Moncloa por unha moción de censura presentada por Pedro Sánchez que, curiosamente, non era, nin é, deputado. Pero foi quen de concitar un acordo entre todos os deputados, agás os populares e os de Ciudadanos, para poder poñer a Rajoy “en la pute rue”, logo de coñecerse por vía xudicial a financiación ilegal do Partido Popular.

Podíamos pensar que as cousas poden cambiarse e os máis necesitados `poden ver unha luz ao final do túnel; dese túnel escuro que cada fin de mes aparece nas súas vidas e non saben como saír del.

Levamos máis de 40 anos sendo adoutrinados paseniñamente, como quen non quere a cousa, coma unha mormaceira á que non lle damos importancia pero que remata deixándonos enchoupados.

Os poderes fácticos deste país repiten machaconamente que á morte de Franco os españois fomos quen de dotarnos dunha Constitución democrática, modelo a seguir por outros países do mundo. Isto non é verdade. Isto é a verdade oficial, pero a real é que existiu un acordo expreso nuns casos e tácito noutros para que, como di Lampedusa “todo cambiase para que nada cambiara”. E así foi. Aquí temos que salvar aos representantes vascos e cataláns que sí fixeron cesión de dereitos xa adquiridos con anterioridade para que o xoguete non se rompera, coa promesa dos demais de ser flexibles á hora de negociar as competencias correspondentes a estas nacións do Estado. Promesa que non se está cumprindo en absoluto. Aquí foi destacada a loita de Fraga para que o termo “nación” non aparecera no texto da Constitución. Aceptou o termo “nacionalidades”. El sabía que as nacións do Estado recoñecidas na Constitución serían materia de serias disputas no futuro; cousa que está ocorrendo nestes momentos.

Todo aquel movemenro pseudodemocrático que se viviu non fixo máis que lavarlle a cara ao franquismo pero sen que lle afectara ao seu organismo que segue vivo e coleando e que aínda hoxe temos que sufrir. Dísenos que

Adolfo Suárez, un falanxista convicto e confeso, conseguiu que os parlamentarios daquel “parlamento de papel franquista”, se fixeran o harakiri e permitiran celebrar unhas eleccións libres, democráticas, para conformar un novo parlamento que, de seguido, dotara a este País dunha Constitución democrática na que o franquismo fora un mal recordo. E así nos veñen vendendo a moto dende aquelas datas ata hoxe.

A Constitución que pariron os cha-

guén cre semellante afirmación.

No caso de Felipe González, considerado nestes momentos un mestre da política, permitíronlle ofrecernos tímidos acenos dun goberno socialista, pero meterlle o dente aos poderes económicos franquistas, non se atreveu. É máis, aínda os favoreceu nalgúns casos pasando as empresas estatais rendibles ao sector privado, quedándose coas que ninguén quería porque non daban beneficios.

Cando Felipe González gañou, por



mados “pais da Patria, nalgún casos e País da Constitución noutros casos” non foi outra cousa ca un corpiño, unha camisa de forza, coa que nos ataron ben atados, como dicía Franco, de maneira que as forzas vivas procedentes do franquismo seguisen mandando, manexando os fíos deste monco singular chamado España. E aí están hoxe mostrando os dentes de cando en vez para lembrarnos que non van permitir que se cambie unha coma daquel texto sen que os poderes militares, relixiosos (sí, tamén a Igrexa xogou e aínda xoga un importante papel) e económicos o permitan.

Sí, amigos lectores. Aquí ou goberna a dereita, herdeira do franquismo máis rancio, ou non teremos acougo nin sosego.

Algúns diredes que xa tivemos gobernos de esquerdas; eu diría

(utilizando a linguaxe xurídica) supostamente de esquerdas. Felipe González gobernou durante 16 anos, creo, que tamén gobernou Rodríguez Zapatero socialista, ao parecer. Sí, é verdade que “gozaron” da Moncloa. Pero, gobernaron como se espera dunha forza política chamada socialista? Hoxe nin-

primeira vez, un coñecido meu, franquista de pro, díxome algo que agora entendo con toda claridade: “Felipe fíxose co goberno, veremos se é quen de facerse coa Administración e co mundo dos negocios”

Tiña razón. Ningún gobernante socialista e tampouco de dereitas foi quen de meter en cintura aos que se aproveitaron deste País nos tempos de Franco e seguen muxindo a vaca no momento actual.

Vaiase Sr. González!! ¡¡Váyase, Sr. González!! Repetía unha e outra vez Aznar no congreso cando era deputado e Felipe Presidente do Goberno. Efectivamente, Felipe foise, ou o botaron (lembren aquela guerra a morte con Pedro J. Ramírez director do xornal “Diario 16”. Felipe conseguiu que o botaran da dirección do xornal pero este sacou á rúa outro novo “El Mundo” que sacou a rúa os trapos zoxos do goberno de Felipe. Como acabou aquela guerra xa é historia).

Chegou Aznar, entregou ao sector privado as restantes empresas que aínda quedaban en mans do Estado. Fixo caixa, baixou a prima de risco e a débeda do

Estado e quedou coma un excelente gobernante. Ata nos levou a unha guerra para desoxidar as armas do noso exército que levaban moitos anos sen ser usadas de verdade. Hoxe os seus cachorros ríndenlle tributo de admiración.

Aos que nos tocou vivir nesta pel de touro (así como aos nosos antepasados) temos que cargar coa mesma cruz: aquí ou goberna a dereita conservadora, explotadora, antidemocrática, ou nada temos que facer. Os socialistas que estiveron no Poder sábeno ben. Foron alumnos destacados, pero disciplinados, que deixaron alto o pavillón dun País en Paz (ou en paciencia) que resulta admirado polos da entorna.

Voltemos á Constitución que nos oprime.

Hoxe xa se coñece o papel decisivo do rei Juan Carlos I na preparación do que se deu en chamar Golpe de Estado do 23-F. En declaracións a Iñaki Anasagasti, publicadas no seu blog, o que foi asesor do rei, Sabino Fernandez Campo, describe como por varias veces durante aquela noite o rei repetira “esto no estaba previsto”. Tamén se coñece o comunicado entre o Rei e Milán del Boch cando primeiro lle espeta, despois de que se vira forzado a saír na televisión e aparecer coma o salvador do golpe: “Te ordeno que tus tropas vuelvan a los cuarteles. Yo ya no me puedo volver atrás”.

Vdes. seguro que lembran os rumores daquelas datas sobre a formación dun goberno presidido por un militar (Alfonso Armada) no que Felipe Glez. “sería” Vicepresidente. O rei Juan Carlos pediulle a Sabino que o que pasara alí aquela noite non se contara fóra porque “sería a fin da Monarquía”, parece que lle dixo. Sabino prometeulle que mentres el vivira non sería coñecido.

Voltando ao fío destas reflexións sobre o que está a pasar chegamos á conclusión de que non son casualidades. Teñen un fío condutor que se estende dende aqueles anos do franquismo en que Franco lle dicía aos seus ministros: “vostedes fagan o que lles pareza pero non se metan en política; diso encárgome eu”. Claro que fixeron o que lles petou. Hoxe no IBEX 35 encontramos empresas que mamaron no ubre daqueles anos. Algunhas creceron utilizando a man de obra barata, gratis, diría eu, dos presos

Continúa na páxina seguinte...

Carlos Méixome

Espreitadores

Nos anos de educación sentimental pasábase moitas tardes outonais e dominicais visitando aldeas do redor da vila, xa daquela medio abandonadas. Diver-tíanos atender cos ollos virados, mirando de esguello, como tras calquera contraventá, bambinela ou colgadura xurdía un rostro espreitador. Case sempre de muller, as máis vixiantes. O asexo servíanos de chanza na construción do noso imaxinario nacional. Diciamos que a diferenza entre Galicia e España estaba

en que cando viaxabas a esta, daquela ir, íase a Madrid, podías parar o coche onde che dese a gana, baixar con toda a santa calma e poñerte a facer augasá beira da estrada sen medo a que ninguén te espíase. Pola contra, no noso país sempre habería alguén a guichar por tras de calquera reviravolta do camiño, a abesourar detrás de calquera carballo, a vixiar quen chegaba... podías estar seguro de que aínda que tiveses bo tino en agocharte, sempre habería alguén a te velar.

Ás veces un ten a sensación de que non andabamos moi errados ao sinalar o trazo espreitador entre os riscos definitivos do “carácter nacional” que, daquela, inocentes adolescentes, andabamos a procurar.

Este outro día dei en matinar no asunto e barruntei na gran cantidade de amigos e amigas que se resisten a actuais compromisos políticos ou mesmo culturais, a verdade é que case todos e todas os tiveron con maior ou menor intensidade e durante máis ou menos tempo, mais hogano responden cun ben, a ver como van as cousas, tés razón pero eu que sei!, mira é que as cousas fanse mal!, e que o que fan estes...!, e aqueles

outros non che quero dicir nada!, vale home pois o de máis alá! e que non se fan as cousas como se debe!

Pregunteime se o problema non estaba nos que preferían ficar como espectadores na vez de asumiren as responsabilidades ou deixarllas a outros; se o problema non estaría nos quen prefere non decidir, por comodidade, os bondadosos, ou para poder criticar despois, os perversos.

Convencinme de que este é un país de miróns.



...Ven da páxina anterior.

dos cárceres. Son datos contrastados, non é unha opinión. Son esas empresas representadas no que chaman A Patronal que estes días saen aos medios dicindo que se senten doidas porque Pedro Sánchez acordou medidas de goberno con Pablo Iglesias e non o fixo con eles, tal como xa tiñan avanzado, ao parecer, co anterior goberno e cos sindicatos.

Entre a UE e as forzas reaccionarias deste País aquí calquera goberno que se forme ten que pedir permiso para mover os marcos. Por iso falar de gobernos de esquerda ou socialistas soa un tanto a chiste. Cando escoitamos

que resulta unha barbaridade aumentar dous puntos á fiscalidade das retribucións de máis de 120.000 euros anuais porque significaría unha carga para millóns de españois, cando sabemos que o 80% dos cotizantes á Facenda cobran menos de 60.000 euros por ano, temos que pensar que o obxectivo é, como sempre, crear alarma, emitir unha e outra vez a mesma cantinela, seguindo o guión do Xefe de Información de Hitler, Joseph Goebbels, que unha mentira repetida unha e mil veces acaba sendo crida como verdadeira. .

Aí temos aos dous cachorros da de-

reita, fillos lexítimos dos seus pais putativos; agora acompañados por un novo fillo espúreo que naceu fóra do matrimonio e quere ter VOX cantante na orquestra. Ata se atreven a ir a Bruxelas para solicitar que non se lle dea luz verde á proposta de orzamentos presentada polo actual goberno de Pedro Sánchez. A ningún dirixente de esquerdas se lle ocorreu semellante cousa cando foi a dereita quen gobernou. Pero seguen o guión trazado naqueles tempos da Transición: a esquerda serve para acompañar e facer coros; pero para gobernar, para levar a voz cantante do goberno

deste País xa estamos nós, din estes próceres que tanto eco atopan entre os españolitos que, como dixo o poeta, veñen ao mundo e que unha das dúas Españas lle xelará o corazón.

Ben, como diría Tip e Coll, para a próximas falaremos do Goberno. Nesta ocasión esperaremos a que se clarexe algo máis o panorama en Cataluña para ter máis datos e poder albiscar por onde pretenden levarnos estes xogadores da política que brincan connosco como monecos de feira.

Sexan felices se poden. Inténteno, polo menos.

Óptica mahen
mahen audioprótesis
Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Xoán Antón Pérez-Lema

A derradeira lección do mestre

Castelao debuxou “A derradeira lección do mestre” para facer parte do seu álbum “Galicia Mártir”, editado en febreiro de 1937 como denuncia internacional dos crimes da reacción fasciofranquista. No 1945, inspirado no debuxo, pintou o óleo, doado polo rianxeiro ao Centro Ourensán de Bos Aires e propiedade agora do seu sucesor por fusión, o Centro Galicia.

A faciana do morto é a do mártir galeguista Alexandre Bóveda. Mais o relato suxire uns rapaces atopando o corpo do seu mestre asasinado. Un relato que non constituía licenza artística ningunha, pois que era común nos primeiros meses da represión deixar guindados nas beiravías das estradas os cadáveres, como medio para impór o terror na poboación galega. Ademais,

foron moitos os mestres asasinados e moitos máis os represaliados polo labor de anovamento pedagóxico e concienciación cidadá que estaban a facer nas novas xeracións galegas. Un labor que estaba a pór os alicerces dunha nova Galicia no social, no económico e no cultural que foi abortada pola represión da longa noite de pedra franquista.

Velaí que este cadro signifique a denuncia pública e universal dos asasinatos da represión franquista en Galicia, o que descualifica de vez a interpretación que del fixo Núñez Feijóo canda a súa desembalaxe para expor na Cidade da Cultura. O PP naceu como refundación dunha AP fundada por sete antigos ministros do franquismo e nunca condenou formalmente ao réxime de facto que oprimiu o

Estado español tantos anos.

Porén, o presidente rectificou o venres 5, no discurso de apertura da exposición, cando condenou especificamente o crime de Bóveda e denunciou o “totalitarismo dos seus verdugos”. Unha rectificación que disinte



por unha soa vez coa nova liña do PP de Casado, ben abeirada á herdanza franquista. Mais o mérito desta rectificación pertencelle á reacción unánime da sociedade civil e das forzas políticas da oposición, que amosaron de vez que Galicia segue a ser sitio distinto.

Remato cunha boa nova. O artista galego Kiko da Silva está a dar cabo estes días á súa reinterpretación, dende o seu avanzado nivel técnico e artístico, do debuxo de Castelao de 1937. Unha obra que vai ofrecer nos vindeiros días á sociedade galega e á memoria dos nosos mártires. Kiko da Silva, ademais dun creador xenial que conecta coa mellor sensibilidade do noso pobo, é un dos bós e xenerosos.



A Monarquía non é neutral

Aprobación polo Parlament catalán dunha declaración a prol da abolición da Monarquía e máis a recente enquisa de Público (que reflectiu maioría a prol da República en Galicia, Asturias, Catalunya, Euskadi, Navarra, País Valencià e les Illes) volve pór no foco a cuestión da lexitimidade da Monarquía.

A Institución monárquica foi reconstituída na dinastía dos Borbóns polo réxime de facto do xeneral Franco, mais esta evidente falla de lexitimidade de orixe foi, de primeiras, subsanada pola ratificación democrática no referéndum constitucional de 1978. Claro é que non se consultou especificamente pola Monarquía, que foi votada en conxunto ao xeito de “lo toma o lo

deja”. O propio Adolfo Suárez recoñeceu que non se convocou un referéndum Monarquía vs República porque contaban perdelo. Para máis, pasaron xa 40 anos, e somos maioría, ben superior ao 70%, os que por razóns de idade non puidemos votar a Constitución.

Canto á lexitimidade de exercicio, a operación Rajoy-Rubalcaba do bipartidismo dinástico para salvar a Monarquía na primavera do 2014 substituíu a queimada imaxe do hoxe emérito pola dun xefe de estado seica abondo preparado. Mais, despois de máis de catro anos de mandato, El Rei convence moito máis aos uns ca aos outros.

Ao longo deste tempo, Filipe de Borbón e Grecia non asumiu a nece-

sidade de alongar o apoio social á Monarquía. Mais ben coidou ben os seus acenos para proxectar unha imaxe unívoca da cidadanía española, da cidadanía monárquica. Unha imaxe unilingüe, uninacional e moi achegada á cosmovisión das dereitas.

Porque Filipe VI non tivo un aceno nestes catro anos e medio de mínima sensibilidade cara aos damnificados pola Grande Depresión. Non demostrou



a súa preocupación a respecto dunha desigualdade que avanzou substancialmente nestes anos.

Aliñado contra a plurinacionalidade española, o actual xefe do estado escolleu bando cando optou pola dura intolerancia fronte Catalunya do seu discurso do 3-Ou. Un discurso escollido pola Casa Real sen a intervención de Rajoy-é dicir, escollido polo Deep State- na que non houbo uso ningún do catalán, nin concesión ningunha ao diálogo. Hai un ano, en outubro de 2017, o Borbón escolleu ser rei de parte.

O Rei Filipe amosou un xorne ben máis autoritario, españolista e aristocrático ca o do seu pai, o rei emérito. A Monarquía non é unha Institución neutral. E esta convicción cidadá vai ser moi difícil que este Rei poida superala.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Vale Moutinho, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

■ **Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador**

Mandas testamentarias

Haí anos –máis de vinte- que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG) publicou varios libros co mesmo rubro: “En galego, agora e sempre”. A colección recolle ao pé de mil mandas testamentarias escritas para a ocasión. Con elas preténdese recuperar unha vella tradición interrompida. No prólogo que escribín digo que é moi frecuente atopar nos protocolos notariais galegos, desde a idade media e ata ben entrado o século XIX, cláusulas testamentarias nas que o testador establecía obrigas extraeconómicas para os seus herdeiros.

Aqueles testamentos – os máis antigos-, encabezábanse con fórmulas estereotipadas nunha prosa ben requintada. As máis comúns son a que rezan así: “Con todo siso e toda miña memoria, dispoño das miñas cousas”. Eso, se a persoa que facía testamento non estaba aqueixada dalgunha doenza ou enfer-

midade que a obrigase a facer as seguintes precisións sucesorias; daquela, a expresión era esta: “Doente no corpo e pero con todo o meu siso complido, faço e ordino en aquela maneyra após meu passamento”. As invocacións á relixiosidade eran tamén recursos moi utilizados.

Algúns destes testamentos contiñan obrigas para os herdeiros de “facer” ou “que se fixese” unha peregrinación a Santiago, por exemplo; ou que se fixese “unha pitaña” para os criados nunha data determinada do ano. Estas mandas –as máis delas- son de carácter espiritual de uso moi estendido na época. O seu incumprimento podería ser sancionado pola autoridade eclesiástica competente.

Cando os escribáns deixaron de escribir en galego por volta do século XV, os testamentos pasaron a ser redactados en castelán. Desde entón, e durante moitos séculos, estes instrumentos xu-

rídicos de gran transcendencia na vida familiar dos galegos están escritos nunha lingua que non é a do testador nin a dos herdeiros testamentarios. Había que reverter esa situación e fíxose da man de don Victorino Gutiérrez Aller, notario que foi de Lalín, a quen a normalización da lingua galega nos usos notariais débelle o recoñecemento do seu exemplar labor de ter redactados no noso idioma milleiros de testamentos. Grazas a el hoxe en moitísimos fogares da comarca do Deza gárdanse estes instrumentos xurídicos. Os seus posuidores vén dignificada a lingua galega porque nela están especificados os seus títulos de propiedades.

Co gallo do Día da Restauración da Memoria Lingüística a AFNLG lanzou a través das redes sociais un microdocumental (ver galeguizargalicia.com) instando a recuperar aquela vella tradición de incluír mandas testamentarias. As de agora, para deixarlles aos herdeiros o mandado de velaren polo fomento da lingua galega nos usos sociais e profesionais, a defensa do patrimonio material e inmaterial, e canto teña que ver coa

nosa identidade cultural. A transmisión da galeguidade debe ser unha arela permanente en vida e des-

pois dela. Velaí porque é fundamental renovar o maxisterio galeguizador con outras pedagogías que motiven os sentimentos máis íntimos dos galegos.

É unha oportunidade para reflexionarmos sobre o noso pasado e facermos votos por un futuro mellor para Galicia como fixo Álvaro Cunqueiro, o noso escritor universal, ao deixar escrita a súa lápida antes de morrer, que di así: “Eiqui xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis”. Non fai falta ser escritor para ter os mesmos desexos. Cada un de nós é un esteo sobre o que asentan as xeracións que nos han suceder. Co noso compromiso Galicia terá sólidos alicerces para que dure mil primaveras máis. Deixemos constancia escrita del nunha manda testamentaria.



■ **Por Isidoro Gracia**

A actualidade e a rebelión na granxa de Orwell

Escrita fai 73 anos como crítica e análise da corrupción que xorde trala adquisición do poder, cando comeza a transformarse en tiranía é perfectamente aplicable ao día de hoxe.

O outro día un mozo da familia descubriu na miña biblioteca un exemplar do libro de Orwell e unha primeira ollada impulsoulle a pedirme para a súa lectura. O feito fíxome recordar o seu contido e repentinamente as imaxes dos protagonistas da obra de 1945 se superpusieron sobre feitos e personaxes relevantes destes anos de crises.

Efectivamente, na miña imaxinación o honrado e traballador cabalo Bóxer se transformouse nos moi honrados e confiados traballadores que están sendo expoliados sen límite pola banca e demais granxeros, perdón especuladores donos do mercado. Certo é que nun principio a revolución expulsou ao

granxero titular Sr. Jones, papel que na actualidade poderían asimilarse a Lehman Brothers, a nivel mundial, ou os dirixentes de Caixa Galicia en predios máis próximos, pero como ocorre nos sucesos do libro iso está quedando nunha mera anécdota, para os sufridos explotados galiñas e demais produtores, (comparables cos sufridos cidadáns que viven do seu traballo) que deben traballar máis horas por menos ración, desde a ignorancia dos consumidores, ovellas hoxe asimilables cos moi voluntariamente desinformados e egoístas adictos ao móbil, videoxuegos ou botellón, que terminasen pagando caro os seus excesos do presente e do pasado, e sobre todo a súa actual falta de reacción ante as inxustizas, que erróneamente creen que só afectan a “os outros”, a súa factura chegará cando o proceso convértase en irreversible en moitos dos seus efectos.

Realmente todos e cada un dos personaxes do relato literario teñen correspondencia en alguén que exerce a súa “rol” hoxe en día, os porcos do directorio poden corresponderse facilmente coa famosas axencias de cualificación, sempre pedindo máis, sempre manipulando máis, para levar o beneficio á mesa dos seus socios (incluso as principais coinciden en ser tres), e usando os medios de comunicación, propiedade tamén dalgún dos seus socios especuladores, para ir evolucionando as mensaxes, igual que evolucionaban os mandamientos da historia orwelliana, engadindo ou reinterpretando os mandatos.

O muro de ladrillo blanqueado onde se escribiron os sete mandamientos hoxe ten paralelismo en potentes medios como televisións, diarios escritos, radios e redes sociais, medios que salvo escasas e en ocasións heroicas excepcións está controlados, moi maioritaria e masivamente, por moi poucas persoas e corporacións. Ata ao lugar onde invitan a que confesemos os nosos gustos, imaxes preferidas, e ata opinións máis íntimas, denomínase “muro”.

Moitos gobernos tamén ofrecen dobre coincidencia, neste caso (e sen ánimo de ofender a ningún) cos cans criados desde cachorros en segredo, primeiro rexeitan o ataque dos humanos, pero segundo vai avanzando o proceso de explotación e asimilación do poder polos porcos e os seus aliados externos quedan convertidos en meros instrumentos que actúan ao dictado de quen detenta o verdadeiro poder, véxanse senón os gobernos elixidos ao socaire da penúltima crise dos emigrantes, ou as actuacións de gobernos electos, con votos influídos por técnicas moi tecnolóxicas e moi escuras.

Ata o burro Benjamín, intelectual de prol, pode verse reflectido en múltiples tertulianos e as prédicas do corvo Moses nas das relixións varias, as deístas y as neoliberales que hoxe predicán o sacrificio das maiorías como única vía de saída á crise, so pretexto do que se perdeu é o referente moral do esforzo individual.



OPINIÓN

Por Dani Leiros

#Galifornia

Na costa oeste dos EUA é onde fica o estado da Califórnia. O limite do oceano Pacífico marcou a fim da carreira para o oeste e a criação de São Francisco. Na atualidade as empresas com mais valor do mundo têm a sua sede principal na Califórnia: Google, Apple, Facebook, Amazon. Todas elas formam o novo sistema da economia-mundo que podemos dar em chamar G.A.F.A. Esse novo modelo de economia baseado nas novas tecnologias, no talento e nos serviços de conectividade situam a Califórnia como a 5ª economia do mundo. Para além disto, na Califórnia seguem a produzir o “entretenimento” maioritário no mundo ocidental avançado, fabricando o cinema e as séries de televisão que todos olhamos nos nossos diversos ecrãs; Hollywood segue a ser o centro da produção audiovisual do nosso entorno cultural.

É evidente, que se isto faz da Califórnia um centro mundial da economia 4.0, também é evidente que da Califórnia vieram alguns dos avanços em direitos e liberdades dos que nós desfrutamos

como sociedade hoje em dia. Uma sociedade sempre por diante na luta dos direitos sociais e desde onde expandiram-se para parte do mundo as reivindicações das gentes homossexuais que hoje em dia fizeram sua a bandeira multicolor criada na marcha de São Francisco no 1978.

Então, que é isso de #Galifornia que já supera à seguidores às redes sociais oficiais de turismo da Junta da Galiza? Em Portugal há uns três anos que já sabem o que é isso de “Galifornia”, têm costa, têm surf, têm sol. Agora têm também a nacionalidade portuguesa para os empreendedores de fora da UE que invistam 100.000€ no país; um plano do governo português para atrair talento, para atrair empresas tecnológicas, para atrair “star-ups” e no fundo fazer da costa atlântica da Europa um novo polo mundial de desenvolvimento económico sustentável e de alta densidade em conhecimento; o que é hoje em dia Califórnia.

Claro está que nesta hipótese Portugal joga com vantagem. Porém, o nosso país não pode desenvolver uma estratégia deste tipo; os poderes do estado seguem a achar que Madrid deve ser o centro de serviços e o chub de conec-



tividade com o mundo de todo o Reino da Espanha, e pretensamente do sul da Europa. Isto colide com a nossa posição no mundo, como costa atlântica europeia, como a #Galifornia que poderíamos querer ser, um novo centro mundial de desenvolvimento e conhecimento e de atração de talento. Mas nós jogamos outra liga, a da exportação de recursos humanos, a da exportação de talentos e a da fuga da geração melhor preparada da nossa história. Claro que isto não tem nada a ver com

não ter força política de seu, centrada no país e nas suas gentes. Claro que isto não tem nada a ver com o modelo económico e territorial desenhado para o Reino da Espanha e a sua centralidade na fortaleza-nação de Madrid, numa capital dopada de clem-buterol e de demais anabolizantes políticos.

Eu adoro #Galifornia e os seus por do sol, as suas areias e as suas rotas no interior, os seus vinhos e as suas comidas, os seus monumentos históricos, as suas paisagens, os regatos, as suas gentes,... Ora bem, também adoraria ter um

projeto de país dentro da UE no que os mais de 2000 quilómetros de costa galegas formarão também parte do reclamo para atrair talento, atrair novas empresas e no fim, criar mais riqueza e mais bem-estar no meu país. Entretanto o meu país segue a perder população, empresas, recursos e a ficar unicamente num cancelo nas redes sociais. É o problema de ficar sendo unicamente virtuais os nossos desejos e não transforma-los em ação política, em Portugal bem sabem jogar a ser #Galifornia

Ramón Coira Luaces

A xustiza e a democracia españolas

Quero deixar claro a miña admiración por moitos dos traballadores e traballadoras do Estado que fan o seu traballo o mellor que poden, así como por xuíces honest@s, coñecid@s ou non. Pero o certo é que o Estado combate aos seus oponentes polític@s legal e ILEGALMENTE, convertindo os dereitos que se recollen na Constitución -filla e herdeira do franquismo- en papel mollado, co apoio e complicidade dun Poder Xudicial demasiadas veces arbitrario, partidista e corrupto. Ademais de machista, antigalego e ferozmente antinacionalista. No conflito vasco -que felizmente toma outros derroteiros- o Estado incumpriu de forma moi grave a súa propia legalidade, como tod@s sabemos. E no conflito catalán o Estado tamén actúa ao marxe da Lei

e da Constitución, coa cobertura mediática duns medios de comunicación manipuladores e xeralmente faltos de ética e de profesionalidade. Hai algún crime que non cometera o españolismo masivamente, en defensa do Imperio ou da sacrosanta unidade de España?



Se respectasen ao adversari@, se fosen verdadeiramente demócratas (e non só de palabra) non recurrirían á forza e negociarían a tempo, buscando unha solución política a un problema político e non de orde pública nin xudicial. Sacrificarían a súa arrogancia e intolerancia e gañarían bastante.

Que obriga pode ter un traballador/ora do Estado ao que acosan e humillan por pretender exercer os seus dereitos? Ao que non se lle permite amosar afecto polo seu país, polo seu idioma e a súa cultura; ao que non se lle consinte facer labor sindical nin oposición democrática á política oficial? Ningunha. O Estado non acepta disidencias e combáteas legal e ILEGALMENTE, polo que non ten credibilidade e convertiu a Constitución -que nunca me gustou- en papel mollado. Eu -como tanta outra xente- na medida das miñas posibilidades, procurei darlle contido e espírito a esas letras; pero é imposible porque

o franquismo sigue instalado nas institucións e o españolismo imprégnao todo. Os meus mellores desexos ás novas xeneracións de funcionarios/as galeg@s, aínda que xa volo advirto: o Estado vaivos oprimir - moitas veces sutilmente- por falar ou escribir no noso idioma ou por pretender exercer os vosos dereitos. Aínda así, facédeo; porque vos sentiredes moito mellor. Igual tedes un xefe fascista ou torturador (son cousas que pasan nesta democracia). Resistir é o correcto e, ao final -por mal que o pases- compensa.

O benestar da sociedade e a xustiza social son valores aos que non debemos ser alleos nin tampouco facer ouvidos xordos ao clamor popular, porque entre tod@s podemos e debemos construír unha Galiza e un mundo mellores.



Aniversario dos lumes nas Neves

O Concello das Neves conmemorou o luns, día 15, o 1º aniversario da vaga de lumes que o 15 de outubro de 2017 arrasou máis de 4.000 hectáreas, queimou preto de 30 casas e acabou con empresas do sector primario que daban emprego a ducias de veciños.

O Goberno Municipal lembrou ese día presentando a alumnas e alumnos da vila o proxecto ambientalista 'O Monte nace na Escola', que ten coma obxectivo comprometer aos rapaces dende a Escola Infantil ata o Instituto para incorporar elementos de convicción que garanta a supervivencia do medio ambiente nevense.

As medidas impulsadas polo Concello abranguen, ademais, o plan 'Sementando Vida', coa axuda de One Oak, que posi-



bilitará que dende o mes de novembro ata o mes de febreiro de 2019, se planten 10.000 árbores no 'Sendeiro dos Pescadores', na contorna do río Miño, un vieiro que une as Neves con Portugal, e por onde hai un ano entrara o lume.

Do mesmo xeito, da man da Deputación e das Comunidades de Montes, está previsto plantar unha hectárea de castiñeiros en Tortoreos, e outros 7.000 en Vide, ademais de colaborar

co 'Grupo Naturalista Hábitat' e Abanca na iniciativa 'Unha nova árbore', que fará posible plantar centos de árbores autóctonas en San Nomedio.

O Alcalde das Neves reuniuse o pasado día 11 de outubro co colectivo de familias afectadas pola perda da vivenda habitual e a representante do grupo de voluntariado para analizar a súa situación e ofrecerse a continuar colaborando na resolución dos seus problemas.

OUTONO DE TEATRO '2018

Auditorio Municipal

TOP MANTA
27 de outubro
20:00 h
Fulano, Mengano e Citano

Memorias dun neno labrego
18 de novembro
18:00 h
Cándido Pazó

Falar sen cancelas
16 de decembro
18:00 h
Culturalactiva

M

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Zufete
BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—
881 964 020



· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

CONDADO/PARADANTA

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

PRÁZAS LIMITADAS

CURSOS E ACTIVIDADES 2018/19 PARA ADULTOS E NENOS

INSCRIPCIÓN A PARTIR DO 16 DE OUTUBRO

OBRADOIRO DE MEMORIA E LECTURA
 IDADE: MAIORES DE 65 ANOS
 DATA: do 7 de NOVIEMBRE ata o 19 de MAIO
 MERCORES DE 16:00- 17:00h
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN:
 - Na biblioteca de 16:30 ás 20:30h.
 - No teléfono 637108343.
 - ou biblioteca@concellodesalvaterra.org

CURSO INICIACIÓN A INFORMÁTICA
 IDADE: MAIORES DE 45 ANOS
 DATA: do 6 de NOVIEMBRE ata o 20 de MAIO
 MARTES 16:00h. - 17:00h.
 O XOVES DE 20:00h. - 21:00h.
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN:
 - Na biblioteca de 16:30 ás 20:30h.
 - No teléfono 637108343.
 - ou biblioteca@concellodesalvaterra.org

CONOCENDO SALVATERRA (SENDERISMO)
 CONTINUO 4 ENDEBROS: RUTA DO MENDO
 (10 KM. NIVEL FÁCIL. 2:30h.)
 CONTINUO 10 DE SEPTIEMBRE: RUTA SENDA DO RIO MIÑO
 FILLABOA-CALDELAS (10 KM. NIVEL FÁCIL. 1:45h.)
 CONTINUO 11 DE MAIO: RUTA DO TEA
 (10KM. NIVEL FÁCIL. 2:35h.)
 CONTINUO 16 DE ABRIL: RUTA RODEANDO SALVATERRA.
 (17 KM NIVEL MEDIO 4:30h.)
 HORA SAÍDA 10:00h. SAÍDA DE ORENTA ALBERGUES
 PARA TODAS AS IDADES.
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO

TELEASISTENCIA DOMICILIARIA
 DATA: 9 de NOVIEMBRE
 ÁS 19:30h.
 NA CASA DA CULTURA

APRENDIENDO A COMER SANO
 IDADE: 18 anos en diante.
 DATA: do 16 de NOVIEMBRE ao 11 de DECEMBRO
 MARTES 10:00 ás 12:00h.
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO

SEDE ELECTRÓNICA
 IDADE: 18 anos en diante.
 DATA: NOVIEMBRE MARTES
 de 10:00- 12:00h.
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO.

TEATRO INFANTIL
 "Cada home é unha raza"
 IDADE: TODAS AS IDADES
 DATA: 9 de DECEMBRO
 DE 12:00 - 13:00h.
 NA CASA DA CULTURA

SALVATERRA FAI DEPORTE
ZUMBA: luns e venres ás 12:00h. - 13:00h.
 DATA: do 11 de XANEIRO ao 27 de ABRIL
 EDADE: de 18 anos en diante
 NA CASA DA CULTURA.
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO

CREA O TEU XABÓN
 IDADE: 18 anos en diante.
 DATA: NO MES DE FEBREIRO
 XOVES DE 10:00- 12:00h.
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO.

REPUXANDO COIRO
 IDADE: 18 anos en diante.
 DATA: NO MES DE MARZO
 XOVES DE 9:30h-12:30h.
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO
 (HAI QUE APORTAR MATERIAL)

ESMALTE FRÍO (RÉCICLA E NON TIRES)
 IDADE: 18 anos en diante.
 DATA: NO MES DE ABRIL
 XOVES DE 10:00- 12:00h.
 INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO.

TEATRO INFANTIL TRAXE NOVO DO RET
 IDADE: TODAS AS IDADES DATA: 12 de ABRIL de 18:30h.
 NA PRAZA DO CONCELLO EN CASO DE CHOIVA. NA CASA DA CULTURA

Novos cursos e actividades 2018/2019 en Salvaterra



Marta Valcárcel, 1ª Tte de Alcalde do Concello de Salvaterra de Miño ven de presentar un ano máis a proposta de cursos e actividades para o ano 2018/2019.

Coa chegada do outono dase a coñecer a programación para os vindeiros meses, e arrancamoxa en novembro, co CURSO DE INICIACIÓN A INFORMÁTICA para maiores de 45 anos, e que este ano debido a gran acollida que ten, aumentase a dúas xornadas. Neste mes empezará tamén o OBRADOIRO DE MEMORIA E LECTURA, a charla de TELEASISTENCIA DOMICILIARIA, as xornadas APRENDENDO A COMER SANO, o curso de SEDE ELECTRÓNICA

e comezaremos tamén coas rutas de sendeirismo que buscan dar a coñecer o entorno natural do Concello coa RUTA DO MENDO, e que se repetiran ao longo dos seguintes meses polo Tea e pola nova ruta do Miño Fillaboa- Caldeas

A principio de ano empezaremos con clases de ingles para maiores de 18 anos, actividades deportivas e cursos de coiro, esmalte frío e de manualidades con "crea o teu xabón".

Todos os interesados en participar deberán inscribirse no Concello a partires do 16 de outubro, recordamos que son cursos gratuítos, con prazas limitadas e para empadroados.

LIBROS

Inma Otero

La lingua delle cantigas de Pär Larson

En Italia, o 11 de outubro de 2018, verá a luz, na editorial Carocci de Roma, un libro pensado e concibido como un manual para a Universidade, pero que, en verdade, é un manual que reviste un grande interese para todos aqueles que miran a a Galicia, que se ocupan ou aman a súa historia e a súa literatura. La lingua delle cantigas, subtitulada Grammatica del galego-portoghese, escrita por un filólogo sueco afincado en Italia, Pär

Larson, constitúe a primeira descrición sistemática da lingua usada polos trobadores da Península Ibérica –desde Galicia e Portugal ata o reino de Aragón–, entre finais do século XII e mediados do XIV, para compor tanto poesía lírica sacra (as Cantigas de Santa María de Alfonso X) como profana (cantigas de amor, de amigo e de escarnio e mal dizer). Esperemos que este «libriño moi xeitoso e de enorme utilidade tanto para investigadores coma estudantes»

(H. Monteagudo) encontre o público que se merece entre os estudosos e interesados na materia tanto en Italia, Galicia e Portugal como en calquera punto da Península ou da globalidade curiosa por achegarse a un patrimonio literario de excepcional valor e riqueza.

Pär Larson, **La lingua delle cantigas. Grammatica del galego-portoghese.** Roma: Carocci editore, 2018. 140 pp. € 16,00.



TOMIÑO

Comerciantes e emprendedores apúntanse ao programa de formación e crecemento impartido por Adeto e o Concello

Dentro do protocolo de colaboración asinado entre o Concello de Tomiño e ADETO (Asociación de Autónomos de Comercio, Hostalería e Industria de Tomiño), co fin de mellorar a formación dos profesionais do comercio local, o pasado xoves, presentouse no salón de plenos do Concello o programa formativo e de asesoramento individualizado “Máis Posible”, destinado a todo tipo de negocio ou PYME local, sexan ou non socios de ADETO.

A primeira reunión do programa, para coñecer as persoas interesadas en participar, levouse a cabo o pasado xoves no salón de plenos do Concello.

"Somos conscientes de que a situación actual do comercio local e as pequenas empresas non é moi boa; crise económica anterior, as multinacionais, as novas tecnoloxías e a globalización están creando unha situación insostible para



moitos dos nosos negocios. A pesar desta situación, outras empresas din que van facturar máis que nunca. Non se entende", explicaba José Fonterosa, un dos profesionais encargados de impartir a formación. "Aqueles que temos empresas ou negocios debemos parar e pensar o que está pasando, e que medidas tomar para reverter a situación", indicaba Susana Rodríguez, experta en proxectos de crecemento social e persoal.

Tal e coma acordaron no protocolo de colaboración comerciantes e Concello, a partir

de agora e durante varias semanas, desenvolveranse coas persoas interesadas, sesións de consultoría, acompañamento persoal e grupal mediante coaching; formación sobre marketing, técnicas de venda, promoción e publicidade; asesoramento no uso das novas tecnoloxías e impulso motivacional, entre outras iniciativas.

As persoas interesadas en participar que non puideron asistir ao acto de presentación, poden contactar con ADETO ou escribir un correo a info@adeto.org

A piscina de Cerveira amplia o horario para dar resposta á demanda dos clientes tomiñeses

Atendendo á continua demanda, especialmente, da poboación tomiñesa, para utilizar os servizos da Piscina Municipal de Vila Nova de Cerveira, o goberno local vén de ampliar o horario actual de funcionamento, de forma de dar resposta ao crecente número de usuarios e usuarias.

O cambio consiste na am-

pliación de media hora máis polas mañás, pasando das 08.00 ás 07.30 horas (hora portuguesa) a apertura da instalación.

Deste xeito, o horario de apertura e peche da piscina, queda coma sigue (hora portuguesa): de luns a venres e

os sábados de 09.00h-13.00h / 15.00h-19.00h e os sábados de 09.00h-13.00h / 15.00h-19.00h



O Concello mellora infraestructuras nos colexios Pedro Caselles e de Tebra



O Concello de Tomiño vén de realizar importantes melloras en varios colexios públicos do municipio. Pola súa envergadura destacan as obras levadas a cabo na parroquia de Tebra e en Santa María de Tomiño. A petición da veciñanza e da ANPA do centro de educación infantil e primaria de Tebra, levouse a cabo a ampliación da pista deportiva existente, co fin de poder dispoñer de máis ámbitos de xogo e de que os equipamentos necesarios para a práctica de distintos deportes, non interfiran entre eles.

Asemade, detectouse a necesidade de sanear e mellorar o acceso rodado do pavillón xa que en épocas de chuva, se anega.

"Executouse unha nova pista deportiva de formigón pulido sobre a existente, ampliándoa para poder albergar una pista de fútbol sala, dúas de baloncesto e dúas de voleibol. Co mesmo tratamento, pavimentouse a entrada para vehículos cara o recinto, e acondicionáronse

as escaleiras de acceso dende o colexio. En todo o perímetro instalouse un drenaxe perimetral que recolla as augas da chuva", explica o concelleiro responsable das actuacións, Lois Vázquez.

Por outra banda, e para dar resposta ás demandas plantexadas pola dirección e da ANPA do CEP Pedro Caselles, no sentido de reducir o elevado ruído que se produce nos comedores do centro durante as horas de xantar, o Concello fixo medicións acústicas que deron valores moi por encima do tempo de reverberación idóneo para estes espazos.

Para solucionar o problema, colocouse un falso teito con placas e velo branco na cara visible. Este material ten un elevado coeficiente de absorción acústica que permite reducir notablemente o son ambiente, impedindo que rebote e se mesture co resto, provocando o molesto ruído. Ademais aproveitouse para renovar a iluminación existente, instalando novas luminarias de LED co fin de aforrar no consumo eléctrico.

BAIXO MIÑO

TUI

O BNG pedirá no Parlamento que a Xunta non autorice o parque eólico na Serra do Galiñeiro

Luís Bará demandará tamén a elevación da protección ambiental do Galiñeiro incorporándoo no Parque Natural do Aloia.

O BNG de Tui urxe o compromiso por preservar os valores pasaxísticos e arqueolóxicos, etnográficos, sociais e ecolóxicos da Serra do Galiñeiro. O concelleiro, Xosé M. Tato, cualificou o proxecto de instalación dun parque eólico no Galiñeiro de “grave agresión ambiental contra un emblema natural”.

Desde a fronte nacionalista destacan que xa no 2008 a Comunidade de Montes de Vincios esixiu á Xunta de Galiza que o cordal da Serra do Galiñeiro fose incorporado no Parque Natural do Monte Aloia. Nesta liña, o BNG ten demandado, xunto coas institucións públicas das comarcas afectadas, que se eleve o nivel de protección da Serra do Galiñeiro.

Tato recordou que “a gran parte dos concellos da bisbarra téñense posicionado a favor de garantir a protección e posta en valor deste territorio, e neste sentido temos que seguir a lamentar a falta de actuación política por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza, desouvindo ese clamor



social e institucional” durante todos estes anos.

O concelleiro do BNG en Tui urxe ao goberno de Feixóo a tomar medidas para “impedir que se instale un parque eólico que suporía un claro atentado ambiental na Serra do Galiñeiro”. Para evitar unha agresión medioambiental de tal calibre, o BNG vén de promover unha iniciativa parlamentaria.

Proposición non de Lei

O deputado nacionalista Luís Bará defenderá no Parlamento galego unha iniciativa parlamentaria na que se solicita a denegación da autorización do proxecto de execución do parque eólico, a fin de preservar os valores e funcións económicas, ambientais e sociais da Serra do Galiñeiro. É por iso polo que solicitan retomar a tramitación de área protexida para a Serra do Galiñeiro e a súa incorporación ao Parque

Natural do Aloia.

Desde a formación nacionalista entenden que, de executarse dito proxecto, suporía un impacto ambiental crítico sobre a paisaxe e o patrimonio, sendo totalmente contradictorio co establecido pola lei do patrimonio Cultural de Galiza e polas leis de Conservación da natureza e do patrimonio natural e biodiversidade, así como diversas directivas europeas.

Xosé M. Tato agarda que esta iniciativa que defenderá o BNG na cámara galega “conte co apoio do conxunto dos grupos e do conxunto cámara”. Así e todo, “o máis importante é que non fiquen en palabras e que o goberno galego de Núñez Feixóo se poña mans á obra e antes de máis nada denegue esa autorización administrativa e inicie os traballos para elevar a protección da Serra do Galiñeiro”, apuntou.

O alcalde solicita ó ORAL a exención do IBI para os afectados pola explosión de Paramos

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, envía unha carta ó ORAL para solicitar a exención do Imposto sobre Bens Inmóveis, o IBI, do exercicio do ano 2018 para os propietarios das vivendas que quedaron total o parcialmente destruídas trala explosión da pirotecnia no barrio da Torre en

Paramos o pasado 23 de maio. Xunto a esa carta, envía tamén unha listaxe das casas afectadas para as que se solicita esa exención fiscal.

O motivo desta misiva é que neste mes de outubro ou en novembro o ORAL vai emitir os recibos do IBI que os afectados van ter que pagar, segundo o alcalde de Tui “de-

bido a demora coa que o goberno do estado está a tratar este asunto” posto que a priori, a raíz da declaración de zona gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil, hai un compromiso por parte do goberno central de declarar exentas do IBI as vivendas máis afectadas pola explosión.

O BNG recolle sinaturas por unha Sanidade Pública de Calidade en Tui

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O centro de saúde-PAC de Tui, responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Por esa razón, @s usuari@s están a sufrir alteracións nas citas médicas xa concertadas e as novas soli-

citades de consulta teñen unha grande demora.

Non podemos esquecer tampouco nesta ocasión, as deficiencias que vimos denunciando como son: a situación de deterioro dunhas instalacións que foron inauguradas con precipitación por motivos electorais do PP, e que desde a súa apertura teñen problemas que causan inconvenientes tanto aos usuari@s como aos/-as profesionais; a sala de espera de urxencias insuficiente, que ten a metade de superficie da instalación anterior o que provoca que as persoas usuarias teñan que estar nos corredores, amoreada ou esperando fóra; a pésima localización dos servizos para o persoal, unha zona de vestiarios e de descanso do persoal do centro saúde-PAC nunha planta diferente á que se presta á atención aos doentes, portas que xeran correntes de aire nocivas, forman parte dunha suma de problemas que deben ser solucionados.

Así, o BNG de Tui quere informar que ven de poñer en marcha unha campaña de recollida de sinaturas, de cara a recabar un importante apoio social coa finalidade de presionar ao Partido Popular para que non lle tome o pelo á veciñanza e resolva dunha vez os problemas que presenta a Sanidade Pública en Tui.



TOMIÑO

A terceira edición da BTT do Viño Rías Baixas pasará por Tomiño e O Rosal

A Ruta do Viño Rías Baixas celebrará o domingo 21 de outubro, a terceira edición da BTT Ruta do Viño Rías Baixas, na que os organizadores esperan un novo éxito de convocatoria, con máis de 250 participantes.

Esta 3ª BTT contará cun percorrido de 45,5 quilómetros, que discorrerá entre os concellos do Rosal e Tomiño. O punto de inicio e finalización será a Praza do Concello do Rosal. A proba dará comezo ás 09.30 horas e estímase unha duración aproximada de algo máis de dúas horas para completar o percorrido.

A actividade ofrecerá aos participantes a posibilidade de descubrir os viñedos que rodean cinco adegas asociadas (Quinta Couselo, Lagar de Cervera, Altos de Torona, Terras



Gauda e Valmiñor).

Ademais, estableceranse dous puntos de avituallamiento, onde os deportistas poderán repoñer forzas para finalizar a proba.

O prazo de inscrición permanecerá aberto até o día 18 de outubro. As persoas interesadas deben formalizar a súa inscrición a través da web www.bttrutavinoriasbaixas.com. O prezo do dorsal é de 10

euros para deportistas federados e de 20 euros para os que non o están, incluíndo todos os seguros pertinentes.

As persoas participantes levarán unha camiseta técnica de recordo, así como unha botella de viño do D.O. Rías Baixas, elaborado por algunha das adegas asociadas á Ruta do Viño Rías Baixas. Ao finalizar a proba, ofrecerase un ágape a todos os deportistas.

Tomiño senta as bases da organización da Campaña “En Negro contra as Violencias 2018”, que se porá en marcha o 25 de Novembro

Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, presidiu o pasado luns, unha primeira reunión con axentes sociais e varios colectivos do Concello, para sentar as bases da organización da Campaña “En Negro contra as Violencias 2018”, que se porá en marcha con motivo do 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O Concello de Tomiño adhiéuse por primeira vez a esta campaña o pasado ano, e este renova “o seu compromiso político e técnico con esta acción colectiva e transversal para a sensibilización social contra as violencias machistas, que implica a par-

ticipación activa, baixo a coordinación do Concello, da poboación e do tecido económico e social”, explicou a alcaldesa.

Este ano compre destacar a participación dende esta primeira reunión, de Voces Novas, o Consello da Infancia e Adolescencia de Tomiño, que amosou unha grande implicación.

Durante o mes de outubro e primeiros de novembro, dende o Concello iranse perfilando as distintas accións da campaña deste ano, contactando individualmente con establecementos da vila, e anunciando a chegada do material que será repartido por espazos privados e públicos.

Dende o seu inicio no 2015, esta campaña foise expandindo por toda Galicia, e hoxe son xa 85 concellos adheridos e 3 deputacións provinciais.

No 2017, a participación de establecementos, negocios, asociacións, centros educativos, e axentes sociais foi masiva. Así, os comercios e lugares públicos cubriron os seus espazos co material da campaña, que en letras brancas sobre fondo negro, co logotipo creado especialmente pola deseñadora Uqui Permui, reflectían a orixe da violencia machista e as súas consecuencias; as redes sociais foron durante días un espazo de denuncia.

Expoturonio. Unha feira educativa



Ao longo da xornada do luns 21 o IES Terra de Turonio desenvolveu a feira Expoturonio, un evento que por primeira vez pon ao alcance da comunidade educativa e o do público en xeral a actividade que se desenvolve no centro educativo ao longo do curso.

Co alumnado como principal protagonista, diversos stands abertos ao público mostraron as actividades preparadas para a ocasión, desde a musicalidade das fraccións ás prácticas de laboratorio, desde unha “transform-arte” á descuberta das plantas medicinais. “Camiñando entre as plantas” ou “a invasión colorofílica” (en colaboración coa Universidade de Vigo) e os stands de reducir, reutilizar e reciclar achegaron a visión dun desenvolvemento sostible baseado nos recursos naturais.

Tamén se proxectou o documental “Queimados” estreado nas Letras Galegas que recolle o impacto causado polos incendios do pasado outono no alumnado do centro.

Convidados

Desde o Radio Turonio fíxose unha emisión a través da Web do instituto de diversas entrevistas con convidados á feira. O investigador e neurocientífico Carlos Spuch do hos-

pital Álvaro Cunqueiro foi entrevistado a primeira hora sobre a importancia do cerebro na aprendizaxe. A seguir foi o profesor da Universidade de Vigo, Luis González quen falou das plantas invasoras. O debuxante e biólogo, Tokio, foi interrogado sobre a súa novela gráfica Cabana de Balieiros. E tamén a escritora Iria Misa repondeu ás preguntas do alumnado sobre as súas novelas. O profesor Hermes Salceda da Universidade de Vigo falou sobre a lingua e a cultura francesa.

A última hora achegáronse á radio os concelleiros de Urbanismo, Antonio Araújo e o de Turismo, Xosé Antón Araújo para falar das súas áreas de xestión.

Toda a programación emitida en directo será posta en aberto na canle de Radio Turonio en Youtube.

Congreso de saúde

Xa pola tarde foi momento de realizar o II Congreso de Saúde, unha actividade de investigación realizada polo alumnado nas súas familias para coñecer o estado de saúde da poboación. Os resultados son expostos aos pais e nais, que son convidados, nunhas exposicións sobre os resultados obtidos coas diversos problemas de saúde.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda e o Consorcio da Zona Franca de Vigo tenden lazos de colaboración

O sábado día 6 de outubro de 2018 o Delegado do Consorcio da Zona Franca de Vigo, David Regades, realizou a primeira visita institucional ao Concello da Guarda, onde foi recibido por parte da corporación local, asinando no libro de ouro do Concello.

Nesta primeira visita, David Regades mantivo unha xuntanza de traballo na que se trataron diversos temas para tender lazos de colaboración institucional entre o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello da Guarda.

Por unha banda, acordouse ampliar a área de influencia da Zona Franca de Vigo ata o Concello da Guarda, xa que o municipio forma parte da Área Metropolitana de Vigo.

Sobre o estado do Parque Empresarial e Industrial entre A Guarda e O Rosal, o Concello vai a facer un estudo de via-

bilidade dos distintos proxectos que neste momento están en marcha dentro do Plan Xeral, contando co apoio da Zona Franca para realizar futuras inversións se estes estudos teñen un balance positivo.

Outros dos temas desta xuntanza foi a necesidade de contar no municipio cun centro de formación, viveiro de empresas, aceleradora ou coworking, dende o Consorcio da Zona Franca de Vigo se apoia esta decisión e a valoran moi positivamente, quedando pendente de que o Concello facilite un local e se realice un proxecto de reforma do mesmo, para potenciar un intercambio de coñecementos e promover e fortalecer a actividade empresarial ao igual que xa se está facendo nos 6 espazos deste tipo promovidos dende o Consorcio da Zona Franca de Vigo en Baiona, Marín, Porriño, Vigo e Nigrán.

Tamén se tratou a necesidade da infraestrutura viaria entre Tui e A Guarda, que permita dinamizar a economía deste territorio e facilitar a loxística dos produtos que se fabriquen e comercialicen dende A Guarda, polo que o Consorcio da Zona Franca de Vigo vai a apoiar o remate desta necesaria infraestrutura, facendo un chamamento a dar un impulso dende as diferentes administracións, sobre todo á Xunta de Galicia que é a que ten responsabilidades nesta materia, coma garantía dos estudos de viabilidade dos parques empresariais deste territorio.

Nesta xuntanza convidouse ao Consorcio da Zona Franca de Vigo a participar na vindeira Feira de emprego e formación "Tecnoimaxín", que terá lugar na Guarda do 25 ao 27 de outubro, confirmando a súa asistencia o Delegado David Re-



gades, así coma a participación nas ponencias que se van a celebrar dun técnico do Consorcio da Zona Franca de Vigo para falar dos diferentes proxectos que ten en marcha a Zona Franca e que apostan polo empresariado galego, aportando unha ferramenta para os empresarios e emprendedores da zona.

Tralo remate desta reunión de traballo, o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba entregou a David Regades un agasallo conmemorativo desta primeira

visita á Guarda, para desprazarse despois ata as instalacións da Organización de Pa-langreros Guardeses, onde foron recibidos pola súa Xerente, Juana Parada e o seu Presidente, Joaquín Cadilla, onde se abordou a iniciativa de Orpagu para a creación no municipio dunha planta de transformación de produtos da pesca que se instalaría no municipio, iniciativa que foi ben recibida dende o Consorcio da Zona Franca de Vigo e que contará co seu apoio.

Recta final do proxecto «A Guarda escrita nas estrelas» coa participación dos escolares da Guarda

Dende o martes 9 de outubro alumnos e alumnas dos diferentes centros escolares da localidade participan no pintado do espigón do porto da Guarda, actividade enmarcada no proxecto «A Guarda escrita nas estrelas» que se atopa xa a piques de rematar, lucindo xa imaxes da Guarda, Salcidos e Camposancos, as Marcas dos Pescadores e as estrelas que darán forma a esta «galaxia».

O novo deseño e froito dun traballo realizado polos artistas locais Alberto Brandon e Nuria Villa, así coma o de máis de medio cento de voluntarios que xa colaboraron nestas tarefas dende mediados de agosto, contando cunha gran implicación da cidadanía.

Segundo explicaron Alberto e Nuria o día da presentación



deste proxecto, «sempre soñamos con facer este proxecto dende que comezamos a traballar xuntos, e tiñamos claro dende o inicio que levaría o noso estilo, pensando nos veciños que o miran día a día.» Os artistas decidiron centrar este proxecto en transmitir con mensaxes directos empregando xogos de palabras e iconografías, mesturando o sentimental e o histórico, para chegar ao corazón dos

guardeses e que se recorde o pasado da nosa vila nun presente que non se esqueza.

Desta volta, son os alumnos e alumnas dos centros escolares os que participan no pintado das estrelas, pintado que se realiza en grupos, onde os nenos e nenas atenden ás explicacións dos artistas para proceder despois a plasmar sobre o dique as pinturas, coa axuda duns modelos e sprays.

A Subdelegada do Goberno anuncia o inicio dos trámites para a solución dos destrozos no litoral do Río Miño



O día 8 de outubro a Subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba, visitou a zona afectada por unha forte erosión nas praias da Lamiña e da Armona na desembocadura do Río Miño, para comprobar «in situ» como está a situación destes areas a anunciar a inclusión dunha partida orzamentaria para solventar este problema, sendo unha actuación prioritaria para a Dirección Xeral de Sustentabilidade

da Costa e o Mar, segundo lle foi comunicado á Subdelegación do Goberno.

Maica Larriba, amosouse moi sorprendida polo impacto desta erosión sobre o areal fluvial e aproveitou a visita para anunciar o Proxecto de Estabilización da Marxe dereita do Río Miño na súa desembocadura, actualmente en fase de contratación e que suporá unha inversión de máis de 40.000€, cun prazo de redacción de 6 meses.

A GUARDA

Inicio das DEPORTE Escolas e estrea do novo céspede do Estadio Municipal da Sangriña na Guarda

O martes día 9 de outubro o Estadio Municipal da Sangriña acolleu o inicio das DEPORTE Escolas, na modalidade de Fútbol, promovidas dende a Deputación de Pontevedra.

DEPORTE escolas é un programa da Deputación de Pontevedra, en colaboración coas federacións deportivas, totalmente gratuito, que busca promover a actividade físico-deportiva entre as nenas e nenos en idade escolar a través da oferta de diferentes modalidades deportivas.

Estas actividades están dirixidas a nenas e nenos de 5 a 15 anos, de toda a provincia de Pontevedra, excepto naquelas escolas nas que, polas características técnicas do deporte que se vai practicar, se modifique a idade das e dos participantes. Nas escolas non se discriminará o alumnado por sexo, fomentando a igualdade.

No Concello da Guarda realizáranse DEPORTE Escolas nas modalidades de Baloncesto, Patinaxe e Fútbol. A modalidade de Baloncesto realizárase no CEIP Manuel Rodríguez Sinde os venres, en horario de 16:00 a 18:00h, a modalidade de Patinaxe, realizárase no CEIP Manuel Rodríguez Sinde os luns, de 17:00 a 18:00 h para os nados do 2013 ao 2008 e tamén os luns, de 18:00 a 19:00 h para os nados do 2007 ao 2002 e a modalidade de fútbol terá lugar os martes e xoves, de 17:30 a 20:00 h, os martes e venres, de 17:30 a 20:00 h e os mércores e venres, de 17:00 a 18:30 h.

O inicio das DEPORTE Escolas de Fútbol coincide co remate dos traballos de reposición do céspede artificial do Estadio Municipal da Sangriña, unhas actuacións que comezaron a finais do mes de



agosto financiadas a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, despois de 11 anos de uso intensivo e desgaste do anterior céspede instalado, contando cun orzamento total 169.595,78€.

O novo céspede é última xeración para a práctica de fútbol 11 e 7, cunha base de 20 mm e 45 mm de altura, monofilamento 12,950 Dtex, lastrado con area de sílice lavada e secada a fogo e caucho SBR3D. Este recheo é de

maior resistencia os UV, reduce o efecto Splash, (bote de Balón), maior resistencia a pisada sen polvo no campo, e maior estabilidade.

Tamén se substituíron as mallas das porterías, as bandeiras dos saques de esquina, así coma a revisión e posta a punto do sistema de rego e do correcto funcionamento da drenaxe do campo antes da finalización das obras, para unha correcta práctica deportiva nestas instalacións.

Festivos locais para o ano 2019

O pasado 28 de setembro celebrouse a sesión ordinaria do pleno da corporación local na que se declararon os festivos locais para o ano 2019, sendo elixidos os días 16 de xullo (Festividade da Virxe do Carme) e 23 de setembro (Festividade de Santa Trega).

O Concello da Guarda, continúa co criterio de poñer coma festividade locais aquelas festas con forte arraigo no municipio, coma é o caso da Romaría de Santa Trega e a Festividade da Virxe do Carme.



A Guarda acolle un obradoiro sobre o empoderamento das mulleres

O xoves 11 de outubro tivo lugar a sesión inaugural do obradoiro do proxecto «Empoderar para decidir» levado a cabo dende a Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia ACADAR, que contou coas intervencións do Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e Paula Pichel, traballadora social de ACADAR.

Entre os meses de outubro, novembro e decembro, a Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia ACADAR desenvolverá este obradoiro, financiado pola Deputación de Pontevedra, en colaboración co CIM e co Departamento de Servizos sociais do Concello da Guarda.

O proxecto «Empoderar para decidir» ten como finalidade a promoción do empoderamento das mulleres con discapacidade para facilitar a toma de decisións sobre cada un dos aspectos das súas vidas.

O proxecto vai dirixido a un total de 20 mulleres con discapacidade, entre as participantes do ano anterior e as mulleres pertencentes ao Concello de A Guarda.



Os contidos que se tratarán serán relativos á igualdade de xénero, discapacidade habilidades sociais, e de comunicación. Tamén se desenvolverán accións e dinámicas relativas á autoestima, intelixencia emocional e resolución de conflitos, favorecendo a participación das mulleres e creando unha rede de apoio mutuo.

Tamén durante o proceso de captación das mulleres destinatarias dos obradoiros, contactouse coas persoas de referencia dentro dos servizos públicos do concello de A Guarda e de entidades de iniciativa social da zona como son o Centro San Xerome Emiliani e a Asociación Avelaíña.

Os Praceiros do Mercado continúan a súa formación



O pasado mércores día 10 o alcalde da Guarda, Antonio Lomba e a Concelleira de Comercio, Montserrat Magallanes, asistiron ao inicio do obradoiro para traballo en equipo «Separados menos, xuntos máis», adicado aos praceiros e praceiras do Mercado da Guarda.

Este obradoiro de formación, realízase nas instalacións de Informática

San Benito, promovido e financiado polo Concello para a profesionalización e dinamización do mercado da Praza de Abastos, contando coa asistencia da práctica maioría dos praceiros e praceiras.

Este obradoiro se suma ás accións formativas que se realizan semanalmente coma os obradoiros de redes sociais, decoración, técnicas de venda, marketing, etc.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Feira do Emprego e Formación «Tecnoimaxín» contará con ponencias de especialistas do sector

A Guarda prepárase para acoller os días 25, 26 e 27 de outubro unhas xornadas de formación, empregabilidade e tecnoloxía baixo o proxecto «Tecnoimaxín», que traerá á Guarda a especialistas do sector, que falarán sobre todas as novidades e as súas experiencias no mundo empresarial.

O programa da Feira do Emprego e Formación «Tecnoimaxín» terá inicio na xornada do xoves 25 ás 10:00h, cun acto inaugural no que se contará coa asistencia do Delegado da Zona Franca de Vigo, David Regades; o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba; a concelleira de Comercio, Montserrat Magallanes e demais convidados.

De seguido terá lugar o primeiro obradoiro sobre «Com-

petencias emocionais para afrontar un futuro laboral dixitalizado» a cargo da Coach, formadora e Psicopedagoga Gema Sánchez- Cabezudo.

Xa pola tarde, ás 18:30h, Débora Ramón de Iglesias, Directora de Zona Franca e Explotación Inmobiliaria de Vigo, falará sobre os Proxectos da Zona Franca de Vigo, interesantes iniciativas para o apoio aos emprendedores e a creación de novas empresas.

A continuación, dende ás 19:00h, Jaume Gurt, Director de Organización e Desenvolvemento de persoas Schibsted Spain, pechará esta primeira xornada cunha ponencia sobre «A felicidade nas novas organizacións»

Na segunda xornada da Feira do Emprego e Formación «Tec-

noimaxín» o venres 26 de outubro terá lugar a Feira Maker de 10:00h a 12:00h, onde os asistentes poderán coñecer todas as novidades sobre novas tecnoloxías e robótica da man de expertos do sector, grazas a conferencias e exhibicións, que contarán coas intervencións de Manuel Rodríguez, técnico de hardware de OPRobots e Alejandro Santos, técnico de Software de OPRobots.

Ás 12:30h está prevista a realización dunha charla a cargo de Óscar Rodríguez, Coordinador xeral de Ledisson Ait, programación robótica, sobre «A disrupción laboral: unha verdade incómoda».

Xa pola tarde, ás 16:00h a Escola Superior Gallaecia será a encargada da realización dunha charla sobre «Tecnología vs Arte – Vídeo360º», a cargo de Emília Simão e Samuel Barbosa - Profesores de Multimédia e Artes da Escola Superior Gallaecia e Ensino Universitario.

Para rematar esta segunda xornada da Feira do Emprego e Formación «Tecnoimaxín», ás 17:30h, Brais X. Currás Doutor en Arqueoloxía e Mar Cortegoso Licenciada en Historia, falarán sobre «Transferencia e innovación: as paisaxes do sal como recurso económico».

A terceira e derradeira xornada terá lugar o sábado 27 de outubro cunha Feira de Empresas do sector que comezará ás 10:00h e se estenderá ao longo da mañá, con presentacións das empresas da comarca cun perfil innovador baixo a moderación de Susana Rodríguez, Coach e psicóloga social. Tamén se contará coa ponencia de María Caeiro, Conselleira Delegada Grupo Caeiro, que ás 11:00h falará sobre a «Nova perspectiva nos Recursos humanos, unha mirada sensible na era tecnolóxica».

A Feira do Emprego e For-

mación «Tecnoimaxín» chega un ano máis á Guarda para desenvolver unha ampla programación de actividades ao longo de 3 días, un evento dirixido a estimular o talento e crear cultura emprendedora na comarca do Baixo Miño.

O proxecto conta cunha páxina web (www.imaxinaguarda.com) na que se irá am-

pliando informacións de interese sobre este Feira do Emprego e Formación, que aspira a converterse nunha cita obrigada para todas aquelas persoas interesadas en coñecer máis sobre as novas tecnoloxías, a formación continua e emprego, novas vías de negocio, entre outras novidades do sector empresarial.



PROGRAMA	
XOVES / 25	
Mañá	10:00 h ACTO INAUGURAL David Regades. Delegado da Zona Franca de Vigo
	10:10-12:00 h OBRAOIRO Competencias emocionais para afrontar un futuro laboral dixitalizado Gema Sánchez- Cabezudo. Coach, formadora e Psicopedagoga
Tarde	18:30 h CHARLA Proxectos da Zona Franca de Vigo Débora Ramón de Iglesias. Directora Zona Franca e Explotación Inmobiliaria de Vigo
	19:00-20:30 h CHARLA A felicidade nas novas organizacións Jaume Gurt. Director de Organización e Desenvolvemento de persoas Schibsted Spain (formada polas marcas InfoJobs, Fotocasa, Vibia, Cochus.net e MilAnuncios) Autor Blog Un Cao sin corbata
VENRES / 26	
FEIRA MAKER (feira de tecnoloxía, robótica,...)	
Mañá	10:00-12:00 h CONFERENCIA/EXHIBICIÓN Robótica de competición e formación por OPRobots Manuel Rodríguez. Técnico de hardware de OPRobots Alejandro Santos. Técnico de Software de OPRobots Todo o día dispoñible de robots no seu stand
	12:30-13:30 h CONFERENCIA A DISRUPCIÓN LABORAL: UNHA VERDADE INCÓMODA Novos perfiles, actitudes, aptitudes nos novos entornos laborais Óscar Rodríguez. Coordinador xeral de Ledisson Ait, programación robótica
Tarde	16:00-17:30 h ESCOLA SUPERIOR GALLAECIA Emília Simão & Samuel Barbosa. Profesores de Multimédia e Artes da Escola Superior Gallaecia Ensino Universitario. Tecnología vs Arte - Vídeo 360º
	17:30-18:00 h CONFERENCIA/EXHIBICIÓN Transferencia e innovación: as paisaxes do sal como recurso económico Brais X. Currás, Doutor en Arqueoloxía e Mar Cortegoso, Licenciada en Historia
SÁBADO / 27	
Mañá	10:00-14:00 h FEIRA DE EMPRESAS
	11:00-12:00 h CHARLA Nova perspectiva nos Recursos humanos, unha mirada sensible na era tecnolóxica María Caeiro. Conselleira Delegada Grupo Caeiro. Vicepresidenta de M. Caeiro S.A.
PRESENTACIÓN DAS EMPRESAS	
Empresas da comarca cun rasgo innovador	
Conduce: Susana Rodríguez. Coach e psicóloga social	

A GUARDA

A Guarda apoia aos colectivos e asociacións da vila coa sinatura de convenios de colaboración por valor de 140.610€

O alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, e os representantes de 53 asociacións guardesas veñen de firman os convenios para as subvencións nominais concedidas a cada unha delas para o ano 2018, aprobados en Pleno Ordinario.

As axudas municipais, cunha contía total de 125.610€, destínase a distintas asociacións guardesas de carácter deportivo (70.300€), cultural (36.110€) e social (19.200€), co obxectivo de contribuír ao correcto desenvolvemento das entidades de acordo coas actividades levadas a cabo por cada unha delas, apoiando o traballo e o esforzo que realizan en favor da nosa comunidade.

De entre o total das asociacións beneficiarias, 27 delas son entidades culturais e 19 constitúen asociacións deportivas, namentres as 7 restantes desenvolven labores de carácter social e, de xeito extraordinario, as Fes-



tas do Monte perciben axuda en calidade de actividade cultural por valor de 15.000€

Os colectivos que recibirán un maior importe en cada ámbito son as Festas do Monte e a Asociación das alfombras florais (Cultura), o Club de Balonmán Mecalia Atlético Guardés e o Club Sporting Guardés (Deporte), e o Centro San Xerome Emiliani e a Asociación Érguete (Fins Sociais).

O Concello da Guarda é un dos gobernos locais da comarca que máis subvencións destina ás asociacións deportivas, culturais e de

carácter social do seu municipio, dada a variedade e calidade das organizacións que desenvolven unha importante labor diaria en beneficio dos guardeses e guardesas.

Tamén cabe destacar o apoio que se realiza dende o Concello da Guarda a estes colectivos ao longo do ano aportando materiais, infraestruturas e operarios municipais para colaborar nos distintos eventos que se realizan, así coma a cesión de espazos públicos, petición de permisos, entre outras xestións.

A Guarda sortea 20 carros de compra semanais na Campaña de Mobilidade «A Guarda, todo moi preto»



O 27 de setembro realizouse a entrega dos primeiros 20 carros de compra sorteados entre os clientes do Mercado da Praza de Abastos dentro da Campaña de Mobilidade «A Guarda, todo moi preto».

Os 20 premiados recolleron o seu carro na Casa dos Alonsos da man do Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e da Concelleira de Comercio, Montserrat Magallanes, xunto cun plano «Metrominuto», no que se especifican os tempos e distancias entre os principais puntos do casco urbano coma a Praza do Reló, a Alameda, os aparcamentos, as zonas de servizos, entre outros.

A Guarda promove a mobilidade, o comercio e a dinamización do mercado municipal da Praza de Abastos con sorteos semanais de 20 de carros da compra para que os veciños

e veciñas os empreguen para mercar no casco urbano. Cada semana repartiranse papeletas entre os clientes da Praza de Abastos da localidade e realizaranse sorteos de 20 carros semanais ata o vindeiro 22 de outubro.

A Campaña «A Guarda, todo moi preto» abrangue diferentes accións e actividades nos espazos públicos orientadas á concienciación do uso da rúa para a xente, facilitando o movemento a pé polo casco urbano da vila, co emprego das prazas de aparcamento disuasorio postas en marcha nos últimos meses. O obxectivo é ir retirando os vehículos da rúa e darlle prioridade aos peóns, cunha filosofía de uso racional dos vehículos, coma o caso da Praza do Reló, tendo coma referencia o proxecto de Francesco Tonucci da Rede Española de Cidades das nenas e dos nenos.



NOVAS DA RAIA

Fundação Bial de Arte de Cerveira assina protocolo com Centro de Formação Vale do Minho

Com o intuito de promover atividades formativas na área das artes, nomeadamente pintura, cerâmica, serigrafia e gravura, a Fundação Bial de Arte de Cerveira e o Centro de Formação Vale do Minho celebraram um protocolo de colaboração. A parceria envolve a oferta de Formação Contínua a pessoal docente e não docente das escolas associadas e consta no plano de formação de 2018/2019.

De acordo com as expectativas dos intervenientes no processo educativo, será apresentado pelas duas entidades um programa dirigido a educadores, por forma também a incentivar uma maior aproximação entre as instituições de ensino e a Fundação Bial de Arte de Cerveira (FBAC).

Para o Presidente da FBAC, Fernando Nogueira, “está dado



mais um passo para a dinamização da oferta formativa e educativa do Vale do Minho”. “Procura-se dinamizar este espaço interdisciplinar de encontro e de convergência criativa, dando resposta à necessidade de complementar a formação da comunidade educativa no domínio das artes”, acrescentou.

Partindo do capital de experiência e da notoriedade que 40 anos de Bial Internacional de Arte de Cerveira represen-

tam, pretende-se, assim, renovar e aprofundar esta vocação, apostando na formação e sensibilização de públicos.

De acrescentar que o Centro de Formação Vale do Minho centra a sua atividade na área da formação contínua do pessoal docente e não docente, sendo a sua sede na Escola Secundária de Monção e englobando os Agrupamentos de Escolas dos concelhos de Melgaço, Monção, Valença, Vila Nova de Cerveira e Caminha.

Eurocidade Cerveira-Tomiño vai concretizar novas metas e sonhos para o futuro

4 de outubro foi formalmente constituída a Eurocidade Cerveira-Tomiño num ato simples, mas simbólico, em plena Ponte Internacional da Amizade. Mudança de designação perspetiva o trabalho em rede com outras Eurocidade da fronteira do Rio Minho, de forma a partilhar práticas e experiências em prol da qualidade de vida das populações.

Depois da assinatura da Carta da Amizade e da criação da Agenda Estratégica de Cooperação Amizade Cerveira-Tomiño, em 2014, concretizada numa programação anual conjunta de atividades culturais e desportivas, com elevada participação da cidadania (Orçamento Participativo Transfronteiriço e Provedoras Transfronteiriças),



Os dois autarcas, Fernando Nogueira e Sandra González, a xefa territorial na Pontevedra da Vice-presidência e Consellería de Presidência, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Marta Mariño, e da vice-presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N), Ester Silva.

Vila Nova de Cerveira e Tomiño deram mais um passo histórico na cooperação e na gestão partilhada de equipamentos e serviços públicos, com a constituição da Eurocidade Cerveira-Tomiño.

No presente, um dos projetos mais ambiciosos é o Parque da Amizade Cerveira-Tomiño, que vai ligar os dois parques existentes – Castelinho e Fortaleza – através de uma ponte pedonal sobre o rio Minho.

Apresentação do Plano Piloto do Parque Nacional da Peneda- Gerês



Salão Nobre da Câmara Municipal de Terras de Bouro recebeu, a 9 de outubro, uma sessão pública para a apresentação do Plano Piloto do Parque Nacional da Peneda- Gerês.

O Presidente da Câmara Municipal, Manuel Tibo, deu as boas-vindas a todos os participantes e agradeceu à Adere- Peneda Gerês e ao ICNF a realização desta reunião que permitiu destacar a importância da matéria em questão e também aumentar a colaboração e as parecerias entre as entidades envolvidas.

Sobre o Plano-Piloto, que surgiu na sequência dos incêndios florestais que assolaram o PNPG na última década e da necessidade de se prevenirem ocorrências futuras com melhoramentos estruturantes, tendo para o efeito quatro objectivos gerais: restauro e manutenção da área florestal com espécies autóctones; rearboreção da área florestal ardida e implementação do plano de gestão florestal/fruição do espaço natural, enquadrados estes em ações específicas de diversa índole, o Presidente da Câmara

Municipal de Terras de Bouro aludiu concretamente ao Projeto 4 do mesmo Plano, na totalidade são 11, os projectos em causa, financiados pelo Fundo Ambiental.

Este quarto ponto diz então respeito ao Ordenamento e Sustentabilidade da Zona de Proteção da Mata da Albergaria no que concerne à gestão e ordenamento da visitação massiva sazonal, à promoção de transportes alternativos e fruição do espaço natural, além de promover a adoção de uma conduta responsável de visitação.

O Presidente da Câmara Municipal sublinhou ainda que, com um investimento na ordem dos 500 mil euros, se irá proceder ao reordenamento do estacionamento na Portela do Homem, à reabilitação da estrada florestal entre Leonte e a Portela do Homem, à melhoria da sinalização existente e implementação de nova sinalética, além de outras melhorias evidentes, como a criação entre a Guarda e a Mata da Albergaria de bolsas para lugares de estacionamento e ainda a conservação da área em questão.

PORTUGAL

Semana da alimentação saudável

De 15 a 25 de outubro, nos estabelecimentos de ensino públicos do concelho, Colégio do Minho e Santa Casa da Misericórdia de Monção.

Constando do projeto do Serviço Educativo do Município de Monção para o ano letivo de 2018/2019, a Semana da Alimentação Saudável visa transmitir às crianças a aquisição de conhecimentos sobre um modelo alimentar completo e equilibrado, visando a alteração de comportamentos alimentares diários.

Destinando-se a alunos do pré-escolar e 1ª CEB, o programa apresenta sessões temáticas sobre “Pequeno Almoço com Energia” e “Lanches Saudáveis” que decorrem, entre 15 e 25 de outubro, nos estabelecimentos de ensino públicos do concelho, Colégio do Minho e Santa Casa da Misericórdia de Monção.

Com o apoio dos monitores da Divercook, a ação “Lanches Saudáveis” tem como finalidade sensibilizar as crianças do 1º CEB para a importância de fazerem uma alimentação saudável no que respeita aos



lanches e merendas que levam para a escola. Serão confeccionadas sandes muito coloridas e nutritivas, onde os vegetais serão protagonistas.

Na sessão temática “Pequeno Almoço com Energia”, destinada às crianças dos jardins de infância, pretende-se que, de forma simples e divertida, façam um pequeno almoço variado, equilibrado e nutritivo. Em ambas as ações, os ingredientes são diversão, multidisciplinaridade, hands-on e mudança de comportamentos. Participam 750 crianças do pré-escolar e 1º CEB.

A Semana da Alimentação

Saudável procura a criação de uma nova cultura de alimentação e nutrição para crianças e jovens que, por um lado, seja divertida de aprender e, por outro, englobe soluções saborosas e fáceis de aplicar no quotidiano.

Procura-se também a promoção da Alimentação Mediterrânica junto das camadas mais jovens da população, a qual representa um modelo alimentar completo e equilibrado com inúmeros benefícios para a saúde, longevidade e qualidade de vida.

O Dia Mundial da Alimentação é comemorado a 16 de outubro em mais de 150 países.

Banda Musical da Casa do Povo de Tangil: município comparticipa aquisição de novo fardamento



A Câmara Municipal de Monção comparticipou a aquisição de 70 novos fardamentos da Banda Musical da Casa do Povo de Tangil. O valor global situa-se em 15.667,00 €, tendo a autarquia apoiado com metade daquele montante: 7.833,50 €.

O respetivo contrato de financiamento foi assinado esta manhã, na Casa do Loreto, pelo Presidente da Câmara Municipal de Monção, António Barbosa, e pelo Presidente da Direção da Casa do Povo de Tangil (Banda de Música), André Filipe Roquinho.

O assunto foi apreciado,

votado e aprovado na reunião descentralizada do Executivo Municipal, datada de 30 de julho, na freguesia da Portela. Na proposta, releva-se a importância da coletividade junto das camadas mais jovens da população, bem como o papel preponderante que desempenha na promoção da cultura.

Com 180 anos de existência, a Banda Musical da Casa do Povo de Tangil assume-se como um digno embaixador cultural do nosso município, projetando o nome de Monção em várias regiões de Portugal, através das atuações que realiza ao longo do ano.

O humor “maturado” de Hugo Sousa no Cine Teatro João Verde

Novo espetáculo de stand-up comedy, do humorista e comediante Hugo Sousa, denominado “Maturado”, chega ao Cine Teatro João Verde no dia 26 de outubro, sexta-feira, pelas 21h30. Os bilhetes, no valor de 7,00 €, estão à venda na Loja Interativa de Turismo e no Cine Teatro João Verde.

“Maturado”, escrito e interpretado por Hugo Sousa, está a percorrer o país de norte a sul, abordando temas relacionados com a sua vida pessoal, viagens com muitos episódios para contar e relatos de histó-

rias com pormenores que, diz o comediante, não vão deixar a sua mãe orgulhosa....

Nascido a 23 de Fevereiro de 1980, no Porto, Hugo Sousa participou inúmeras vezes no programa “Levanta-te e Ri” da SIC, trabalhou vários anos no Porto Canal com o programa “Bolhão Rouge”, apresentou o “Canta Portugal”, o “Eu Sou Portugal” e foi uma das caras da Praça da Alegria, da RTP1.

Hugo Sousa é autor de textos humorísticos e anda pelo país com espetáculos de stand-up comedy. Lançou um DVD, gravado ao vivo no Teatro Vi-



laret, em Lisboa, tendo, em 2015 e 2016, feito uma tournée por várias cidades com o espetáculo “Frenético”. Em 2017, visitou grande parte das cidades portuguesas com o projeto “On the Rocks”.

Melgaço acolhe final do campeonato de Portugal de Drift

A última prova (a 5ª) do Campeonato de Portugal de Drift 2018, será em Melgaço. Esta será a primeira vez que o Destino de Natureza Mais Radical de Portugal recebe uma prova da modalidade. A ação, promovida pelo Clube Automóvel do Minho e pela Federação Portuguesa de Automobilismo e Karting (FPAK) e com colaboração do Município de Melgaço, acontece nos dias 17 e 18 de novembro.



O Centro de Estágios de Melgaço será o local da prova, ainda sem percurso definido. Até lá, o Campeonato será disputado no Circuito de Baltar (Porto), nos dias 20 e 21 de outubro, com três pilotos melgacenses em competição: Fábio André Cardoso, Francisco Ranhada e Paulo Nunes.

José Ángel Gándara presentou na Guarda o seu libro «Colón rumbo a las Yndias»

O pasado mércores día 10 de outubro a Casa dos Alonsos da Guarda acolheu a presentación do libro «Colón rumbo a las Yndias» da autoría de José Ángel Gándara, un acto que contou coas intervencións do autor, José Ángel Gándara; do coordinador do libro, Celso Fariñas; do Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e do tudense experto no Colón Galego, Antonio Cid Vázquez.

Máis de medio centenar de persoas asistiron a esta presentación na que o autor explicou aos presentes a importancia e o funcionamento dunha colección filatélica sobre unha temática concreta coma é o caso da súa colección «Colón rumbo a las Yndias», recollida nesta publicación, e que a amosa tal e como se pode observar nas diferentes exposicións nas



que ten participado a nivel nacional e internacional, acadando importantes éxitos que se recollen no seu amplo palmarés, destacando coma Mellor colección filatélica de España no ano 2006, Medalla de ouro na Exposición Mundial de Brasil no ano 2017 ou a dobre Mellor colección temática en exposicións nacionais de «Exfilna».

O libro tamén recolle fotografías de trofeos, medallas e

diplomas acadados pola colección ao longo da súa historia, que comezou, segundo relata José Ángel Gándara, sobre os anos 1987, cando comezou a xuntar selos sobre a temática colombina, e oficialmente no ano 1994, cando iniciou a colección como tal.

O libro conta con numerosos artigos sobre filatelia xa publicados acerca do tema colombino e tamén sobre o Colón Gallego, contando coas apor-

tacións sobre esta temática do tudense Antonio Cid.

Para José Ángel Gándara, o libro ten o obxectivo de dar a coñecer ao público o que é realmente unha colección filatélica e, neste caso, unha colección filatélica temática, que non só se trata de xuntar selos, senón que leva consigo unha parte de documentación que conta a historia ilustrada con diverso material filatélico. Tal e como manifestou neste acto de presentación, esta colección é un traballo do día a día, da busca de novas aportacións, documentación, estudo... ao longo de

máis de 20 anos.

O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, quixo dar os seus parabéns a José Ángel Gándara, por ter logrado levar o nome da Guarda polo mundo adiante a través desta importante colección filatélica, valorando ademais o apoio recibido dende diferentes colectivos e particulares coma Infomaxe, o Instituto de Estudos Miñoranos, a Federación Galega de Sociedades Filatélicas ou a Asociación Piueiro para que esta publicación saíse á luz, un traballo que implicou a moita xente.

O poeta guardés Francisco Álvarez, Koki, presenta en Tomiño a súa nova obra «A Memoria das palabras»

O escritor e poeta guardés Francisco Álvarez, Koki, presenta en Tomiño a súa nova obra, A memoria das palabras, “un cosmos poético no que o escritor une dous espazos e dous tempos”: o Nova York emigrante no que el mesmo ten vivido tantos anos e a memoria da súa Guarda natal. Será o día 19 de outubro, no Mercado Municipal de Tomiño, ás oito da tarde.

A presentación contará coa presenza da alcaldesa de Tomiño, Sandra González; o profesor, escritor e crítico literario Armando Requeixo, e o deputado de Cultura e Lingua, Xosé Leal.

Actividade de balde, para persoas maiores de 12 anos.

Nado na Guarda en 1957, Francisco Álvarez reside en Nova York, cidade na que funda o colectivo Celso Emilio Ferreiro para amosar a cultura galega a través de distintas actividades. Autor de numerosos libros de poemas e prosa, define a A memoria das palabras, coma un traballo de poesía social e a el mesmo, coma a un “obreiro das palabras”. De maneira simultánea, vén de editar outras dúas obras, en Edicións Fervenza: “Un neno na emigración” e “Vasoiras Barreiro”, ambas as dúas, para público infantil.

PRESENTACIÓN

Armando Requeixo
escritor, profesor e investigador

Xosé Leal
deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra

Sandra González
alcaldesa de Tomiño

Francisco Álvarez “Koki”
autor

venres 19 de outubro ás 20.00 h
Mercado Municipal de Tomiño
(Praza do Seixo)